

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Cesión contrato
Expediente : 2021/C008/000001

Visto o expediente de contratación tramitado, aprobado polo Pleno da Corporación con data 28/02/2018:

<u>Tipo de contrato</u> : Mixto de subministración e servizos
<u>Número de expediente</u> : 2018/C005/000001
<u>Obxecto do contrato</u> : <i>Servicios energéticos y mantenimiento con garantía total de las instalaciones de alumbrado público exterior del Concello de Vedra.</i> O obxecto do contrato ten como finalidade as seguintes prestacións: <i>P1.- Xestión Enerxética</i> <i>P2. Mantemento</i> <i>P3.Garantía total</i> <i>P4.Obras de mellora e renovación das instalacións do alumeado público exterior</i>
<u>Procedemento de contratación</u> : aberto con pluralidade de criterios de adxudicación. Contrato suxeito a regulación harmonizada
<u>Tipo de tramitación</u> : Ordinaria
Código CPA :35.14.1 (subministración eléctrica) Código CPV principal: 5023100-1
Valor estimado do contrato: 2.274.346,91 euros
Orzamento base de licitación: 2.751.959,76 euros
Financiamento: IDAE (.D. 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020): 796.431,68 euros Recursos propios
Prazo de execución: 12 anos

Visto que a Xunta de Goberno Local , por delegación do pleno, en sesión ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018 adxudicoulle o citado contrato a FERROVIAL SERVICIOS, S.A,U no prezo anual de 178.428,54 euros máis 37.469,99 euros de IVE., desglosados do seguinte xeito:

Prestación P1: 55.119,70 euros (IVE engadido)
Prestación P2: 58.170,75 euros (IVE engadido)
Prestación P3: 19.390,25 euros (IVE engadido)
Prestación P4: 83.217,83 euros (IVE engadido)

Visto que con data 18 de xaneiro de 2022, o adxudicatario presentou no concello documentación acreditativa da segregación da rama de actividade de eficiencia enerxética e da transmisión da unidade económica a favor dunha nova sociedade constituída, REDWOOD EFICIENCIA ENERGÉTICA, S.L, adquirindo esta última , en bloque e por sucesión universal, o patrimonio pertencente a dita rama de actividade, solicitando a continuidade do contrato coa nova sociedade

Visto que a sociedade sucesora cumpre as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar e solvencia esixidas para este contrato e o compromiso da empresa segregada adxudicataria do contrato, de responsabilizarse solidariamente na execución do contrato

Visto o informe de Secretaria, de conformidade co establecido no artigo 98 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro (LCSP)

RESOLVO

PRIMEIRO.- Darlle conta ao Pleno da Corporación, como órgano de contratación, da sucesión de REDWOOD EFICIENCIA ENERGÉTICA, S.L , con NIF B16991952, e domicilio social en C/Príncipe de Vergara núm. 135 (28002 Madrid) na execución do contrato de *Servicios energéticos y mantenimiento con garantía total de las instalaciones de alumbrado público exterior del Concello de Vedra*

SEGUNDO.- Publicar a sucesión do contratista no Perfil do Contratante

Vedra, asinado na data que figura na marxe
O Alcalde

O Secretario

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

Asdo. Carlos J.Méndez –Losada Abalo